



Con motivo da celebración do Día Mundial do Teatro,
o grupo Vichelocrego Teatro convoca o

4º CONCURSO DE TEATRO INMEDIATO
(representación de textos breves con tempo de preparación limitado)



Bases

- 1ª.** O concurso vai dirixido a parellas, mixtas ou non, de actores ou actrices afeccionados maiores de 18 anos.
- 2ª.** Cada parella participante terá que facer a representación dun texto breve facilitado pola organización. Cada texto ten sentido por si mesmo. Extraído dunha obra, a súa lectura convencional non chega aos cinco minutos. Poderán participar como máximo 7 parellas (unha por texto).
- 3ª.** Agás iluminación, decorados e música gravada, os participantes poderán introducir todos aqueles elementos de vestuario, maquillaxe e utilería que consideren oportunos para a súa representación. Os elementos de utilería non poderán ser moi voluminosos.
- 4ª.** Os textos recolleranse o mércores 21 de marzo a partir das 18:00 horas no IES Auga da Laxe de Gondomar. Poderán recibirse por correo electrónico á mesma hora.
- 5ª.** O prazo para inscribirse remata o martes 20 de marzo ás 14:00 horas. A cota para participar será de 18 euros por parella que se ingresarán na seguinte conta bancaria:

Entidade: CAIXANOVA
Titular: Vichelocrego Teatro - c/c: 2080 0035 18 0040016657
- 6ª.** A inscrición farase efectiva enviando un Fax ao número 986-360576 (Fax do IES Auga da Laxe) cos seguintes datos: un breve curriculum de actividades teatrais feitas polos aspirantes, o resgardo do ingreso da cota, nomes dos participantes, teléfono de contacto e entidade bancaria e número de conta na que se faría a devolución caso de que algunha das parellas non fose seleccionada por superar o número de inscrición as sete previstas. A selección das sete parellas corre a cargo da organización e a súa decisión será inapelable.
- 7ª.** Haberá un único premio de 370 euros.
- 8ª.** O xurado estará formado por cinco persoas vinculadas ao teatro. A súa decisión será inapelable.
- 9ª.** As representacións terán lugar o venres 23 de marzo no I.E.S. Auga da Laxe de Gondomar a partir das 21.30 horas. Os concursantes deberán presentarse á organización ás 20:00 horas.
- 10ª.** Para calquera posible dúbida ou información sobre as bases deste concurso pódese chamar ao número 986-360501 (IES Auga da Laxe) e preguntar por Marga Cachaza (Vichelocrego Teatro) en horario de mañá de 9:30 a 15:00 de luns a venres.